

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Prácticas de escenificación
<b>DISCIPLINA</b>	Composición Escénica I
<b>TITULACIÓN</b>	Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Dirección de escena e dramaturxia
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	1º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatorio
<b>DEPARTAMENTO</b>	Dirección de escena e dramaturxia
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	
<b>DOCENTES</b>	<p><b>Nome e apelidos:</b> Irene Moreira Fontán</p> <p><b>Horario titorías:</b></p> <p><a href="http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas">www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas</a></p> <p><b>Despacho:</b> Dirección e dramaturxia.</p> <p><b>Contacto:</b> irenemoreirafontan@gmail</p>
<b>DESCRIPCIÓN</b>	Estudo e práctica dos principios compositivos aplicados aos elementos de significación da posta en escena: harmonía, contraste, conflito, equilibrio, desequilibrio.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Non se requiren
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T6</b>	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
<b>T7</b>	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.

<b>X2</b>	Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

<b>E11</b>	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
<b>E12</b>	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
<b>E13</b>	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.

### 3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

### COMPETENCIAS VINCULADAS

1. Adquirir os coñecementos e as habilidades necesarias para poder realizar composicións escénicas aplicando os principios de harmonía, contraste e desenvolvemento dramático.	T1, T3, T6, T7 X1, X2, X3 ED1, ED2, ED3
2. Consolidar mecanismos elementais de comunicación eficaz en lingua galega durante a realización de traballos de creación escénica.	T7 X1 ED3
3. Desenvolver a autoconsciencia respecto ao traballo persoal no seo de equipos artísticos.	T8 X1, X2, X3

### 4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A dirección	1.1. Definición. 1.2. Tipos de dirección 1.3. Tarefas e responsabilidades. 1.4. Ensaios, comunicación e coordinación de equipos. 1.5. A mirada da dirección. 1.6. Observarse dende fóra.	6
2. Dirixir a composición	1.1. Principios xerais: harmonía, peso, contraste 1.2. Cando e como se crea unha imaxe escénica. 1.3. A ordenación do espazo para transmitir ideas. 1.4. A composición en movemento e as súas transicións. 1.5. Diriximos; indicacións, terminoloxía e estilos. 1.6. Creamos focos de atención.	8
3. O movemento	3.1. Anotación. 3.2. A determinación do movemento. 3.3. Entradas, saídas, cruces. 3.4. Disposición espacial.	6

4. Desenvolvemento da escena.	4.1. A acción dramática e o incidente desencadenante 4.2. A escena: duración e ritmo. 4.3. As transicións.	6
5. A composición na montaxe.	5.1. Significado, xustificación e proxemia. 5.2. Creatividade no deseño da composición.	8
		34

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	12	8	20
Exposición práctico-teórica	12	8	20
Práctica individual	12	8	20
Práctica colectiva	12	6	18
Tutorías individuais	2	4	6
TOTAL	50	34	84

#### 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Sondaxe dos coñecementos e habilidades do alumnado
Exposición teórica-práctica	Explicación dos contidos da materia e aplicación dos mesmos en casos prácticos.
Práctica individual	Preparación en solitario de exercicios de composición.
Práctica colectiva	Realización, dentro dun equipo de traballo, de exercicios preparatorios e de composicións escénicas.
Tutorías individuais	Análise individual do proceso de aprendizaxe da alumna

#### 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

#### 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

##### 8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballos aula	Todas	30 %
Presentación/exposición de traballos	Todas	40 %
Memorias/informes/portfolio	Todas	30 %

##### 8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proba práctica	Todas	60 %
Entrega recensión libro	Todas	40 %

##### 8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
-------------------------	------------------------	-------------

Proba práctica	Todas	60 %
Entrega recensión libro	Todas	40 %

### 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

#### Referencias básicas

- BOGART, Anne (2006): Introducción á dirección de escena. Vigo. Ed. Galaxia
- BOGART, Anne (2007). Los puntos de vista escénicos. Madrid. Publicaciones de la ADE.
- BRAUN, Edward (1986): El director y la escena. Buenos Aires, Galerna.
- CANFIELD, Curtis (1970): El arte de la dirección escénica. México, Diana.
- CÁRDENAS, Giraldo M. (1999). Dirigir Teatro. Ciudad Real. Ñaque.
- CLURMAN, Harold (1972): La dirección de escena . Londres, Macmillan.
- MARTÍNEZ PARAMIO, Agapito (2006): Cuaderno de dirección teatral, Ciudad Real, Ñaque Editora.
- RAYMOND, José Luís (2019). El actor en el espacio. Madrid. Fundamentos.

#### Referencias complementarias

- CEBALLOS, Edgar y otros (1992): Principios de Dirección Escénica. México, Escenología.
- DÍAZ MARCELO (2016): La puesta en escena. Dresden, Alemaña. FahnauerVerlag
- LAVANDIER, Yves (2003): La dramaturgia. Los mecanismos del relato: cine, teatro, ópera, radio, televisión, comic, Madrid, Ediciones Internacionales Universales.
- KANDISKY, Vasili. (2005). De lo espiritual en el arte. Barcelona. Paidós.

### 10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia suporá a perda da avaliación continua. Xa que a lingua na que se deberán desenvolver todas as actividades da materia será a lingua galega, o alumnado con dificultades na mesma deberá recorrer ás titorías para que o docente lle indique as pautas a seguir decara ao axeitado aproveitamento do curso.

Para a asistencia a titorías débese falar previamente co docente co fin de pactar o día e a hora do encontro. Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición ao profesor por correo electrónico. Será respostada tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

No caso de semipresencialidade ou de teledocencia adptaránse os contidos da materia á nova situación recorrendo a ferramentas pedagóxicas que non permitan a perda da dimensión práctica da materia, en canto ao carácter teórico estableceranse as canles precisas para que a materia decorra sen demora no seu avance de contidos. O alumnado que se presente aos exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria deberá contactar previamente co docente da materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente e acordar os traballos a presentar. Para se presentar á avaliación ordinaria ou extraordinaria, o alumnado terá que asistir á proba co número de intérpretes que o docente determine, en función das probas a realizar.

No caso de que o tránsito do ensino presencial ao non presencial se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas a utilizar e a ponderación das mesmas.

#### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a ESAD de Galicia establecerá unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz, ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala. Así, no caso de se recorrer á semipresencialidade ou á teledocencia, adaptaranse os contidos á nova situación, recorrendo a ferramentas pedagóxicas que non permitan a perda da dimensión práctica da materia. Polo que atinxe á vertente teórica da disciplina, estableceranse as canles precisas para que o avance de contidos non sufra demora. Así pois, **para a avaliación non presencial de toda a disciplina**, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen

<b>Actividades.</b>	<b>Competencias.</b>	<b>Ponderación</b>
Exercicios on line	Todas	30%
Exposición de traballos.(telemáticos)	Todas	30%
Memorias/informes/portfolio.(dixitais)	Todas	40%

**AS ANTERIORES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO)**